



SONOMA

LA VERONAL

Auditorio de Galicia

20 de abril

20.30 h

10 € | Descontos do 50% | >12 anos | 75 min
| Lingua: castelán | **Estrea en Galicia**

Sonoma é unha palabra que non existe no dicionario da lingua española. Con todo, contén as partículas do grego *soma* (corpo) ou do latín *sonum* (son): corpo de son e son do corpo.

Hoxe vivimos a Historia a fume de carozo, tan rápido, a un ritmo tan acelerado que apenas podemos seguila. De feito, xa ninguén sabe ben que está a suceder. Poderíase dicir que basicamente caemos cara a adiante, e durante esta caída acelerada –como nunha montaña rusa– berramos. *Sonoma* sería ese son do corpo mentres cae, a rabia do ser humano por seguir crendo que estamos vivos, que seguimos espertos.

Sonoma é a certeza de que o virtual e o dixital xa só poden ser superados por unha volta á orixe.

BERRO

NOVA GALEGA DE DANZA

Auditorio de Galicia

28 de abril

20.30 h

10 € | Descontos do 50% | Público adulto | 60 min | Lingua: galego | **Foco NeoTrad**

Berro representa o baleiro que supón ser persoas soas e illadas nunha sociedade sen memoria que debe procurar o movemento que lle lembre o seu pasado. Nunha viaxe que conecta os estados emocionais, amosa a importancia de recuperar esa esencia ancestral –a tradición, a terra, a raíz, a familia e a casa– a través da experiencia colectiva, sentindo a transformación na expresión do corpo.

Por medio de movementos pixelados que nacen do detalle, pausas, silencios e accións símbolo da lembranza ou a memoria da frase tradicional galega, como a expresión física e emocional, o elenco de bailaríns reproduce unha coreografía que conta coa dirección artística de Sharon Fridman.

O PUNTO IMPROPIO

JAVIER MARTÍN

Teatro Principal

3 de maio

20.30 h

📢 #posfunción: 3 de maio | 10 € | Descontos do 50% | >12 anos | 60 min | Lingua: galego

O punto impropio [A/S/V] elabora movemento, son e imaxe en tempo real: unha sorte de rexistro e composición auditiva (A), somática (S) e visual (V) que, en exercicio resoante, activa e resignifica a coreografía.

Un corpo no esforzo de percibirse a si propio, que nos comparte as súas aproximacións, descubertas e revelacións. A entrada a un laboratorio no que a percepción se distorsiona e afina á vez, propoñendo novas sensibilidades. Unha experiencia que cuestiona o eu percibido, a identidade construída con base en proxeccións asumidas. Un desprazamento cara a outras posibles versións: canto de nós nos é alleo? que é o verdadeiramente propio e onde o atopamos?

VENDA DE ENTRADAS

ONDE?

- Preferentemente a través do portal compostelacultura.gal
- Despacho de billetes da Zona C. Punto de Información Cultural. Aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Teléfono 981 542 462
- Nos despachos de billetes dos espazos escénicos 1 hora antes do comezo dos espectáculos.

Descontos e entradas especiais naquelas funcións que así o indican:

- Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e integrantes de familias monoparentais ou numerosas.
- Descontos non acumulables entre si. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

AVISO!

Pregamos contraste a información actualizada na páxina web compostelacultura.gal

📢 #POSFUNCIÓN

Cando baixe o pano, conversaremos con membros do equipo de cada espectáculo arredor da temática e a experiencia de traballo. A partir de aí, o debate estará aberto ao público asistente.

C

Compostela
Cultura

DANZA

PRIMEIRO
SEMESTRE 2024

AUDITORIO
DE GALICIA

TEATRO
PRINCIPAL



BAILADOR

ÓSCAR COBOS

Auditorio de Galicia
29 de febreiro
20.30 h

10 € | Descontos do 50% | Público adulto | 55 min | Lingua: sen texto | **Foco NeoTrad**

Bailador é unha peza de danza galega contemporánea baseada nas músicas de Berroqueto. Trátase dunha obra coreográfica que rende unha profunda homenaxe a unha música que non naceu para ser bailada, onde a danza de raíz galega se mestura con outras linguaxes do movemento para darlle un sentido corporal á música dun grupo que transformou o xeito de facer e de entender o son da nosa terra.

Bailador reivindica o papel fundamental da muller galega como preservadora e transmisora da nosa sabedoría popular; se o noso baile chegou até os nosos días foi grazas a elas, mulleres eclipsadas da nosa historia.



CEIBE

FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA

Teatro Principal
9 de marzo
20.30 h

10 € | Descontos do 50% | >12 anos | 60 min | Lingua: galego | **Foco NeoTrad**

Ceibe é unha obra de baile e música tradicional que afonda na relación entre os roles de xénero e a nosa tradición.

Ceibe traballa sobre o xénero e as súas formas de operar en diferentes ámbitos do día a día, incluíndo unha manifestación cultural tan importante como o baile tradicional.

Trátase de entender que é o xénero para nós como individuos, como colectivo e tamén como sociedade. Reflexiona sobre as categorías de xénero e os seus estereotipos impostos socialmente para establecer distancia coa normalidade e arrastrala cara ás marxes, e dende aí formular e construír novas formas de entender o corpo e o movemento.



FLAMENCO FUTURO

ÁLVARO MURILLO

Teatro Principal
5 de abril
20.30 h

10 € | Descontos do 50% | Todos os públicos | 50 min | Lingua: castelán
Foco NeoTrad

Flamenco Futuro é unha obra na que o intérprete traballa cun software biomecánico que representa o movemento na pantalla. A obra explora a relación entre o corpo humano, o baile, a súa aprendizaxe e a tecnoloxía.

Como esta tecnoloxía pode transformar algúns elementos na aprendizaxe do flamenco?

O único certo é o movemento. A través del, preténdese xerar un espazo para a exploración e a creatividade, analizando o Decálogo Flamenco proposto por unha das figuras máis innovadoras do baile flamenco, Vicente Escudero.



MORTAIS E VULNERABLES

FURIA SOTELO

Teatro Principal
6 de abril
20.30 h

10 € | Descontos do 50% | >12 anos | 50 min | Lingua: sen texto |
📢 #posfunción: 6 de abril

Este solo de danza interpretado pola bailarina Alejandra Balboa fai unha viaxe metafórica ao redor da fragilidade da existencia humana.

A peza busca a esencia común a esta fragilidade, máis aló das aparencias.

É unha proposta radical sempre que busca a raíz espida do acontecer.

Afastándose dos adornos anecdóticos dos acontecementos.

O corpo como protagonista e o movemento como vehículo para encarnar o mortal, o vulnerable, os desexos, o eterno retorno.



Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela
981 552 290 (oficinas)
981 571 026 (despacho de billetes)

TEATRO PRINCIPAL

Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
981 542 347 (oficinas)
981 542 349 (despacho de billetes)

ZONA C. PUNTO DE INFORMACIÓN CULTURAL

Rúa do Preguntoiro, 1 (Praza de Cervantes)
15704 Santiago de Compostela
981 542 462



- COMPOSTELACULTURA
- CCULTURA
- COMPOSTELACULTURA
- COMPOSTELACULTURATV
- COMPOSTELACULTURA.GAL

ESCÉNICAS
EN FAMILIA

